



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 107
28 de abril de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

I 7774 (10/MOC-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6747, publicada no BOPG nº 88, do 23.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.04.2017) [28594](#)

I 7775 (10/MOC-000027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a inmatriculación no Rexistro da Propiedade de bens inmoables da Igrexa católica. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6362, publicada no BOPG nº 84, do 16.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.04.2017) [28594](#)

1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Propositions tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 2516 (10/PNP-000238)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas a apoiar os centros de FP e os CIFP como impulsores da innovación do sector empresarial galego [28594](#)

Aprobación con modificacións

I 6339 (10/PNP-000561)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e nove deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto [28595](#)

I 7202 (10/PNP-000650)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados [28595](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 5673 (10/PNP-000480)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e dous deputados/as máis**

Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica [28596](#)

Rexeitamento da iniciativa**I 4560 (10/PNP-000388)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a ampliación polo Goberno galego a nove meses da duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais [28596](#)

I 6310 (10/PNP-000548)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa, e tres deputados/as máis**

Sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma [28596](#)

I 7081 (10/PNP-000634)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes [28597](#)

I 7366 (10/PNP-000664)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente [28597](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Rexeitamento da iniciativa

I 3216 (10/PNC-000315)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo técnico-económico para a recuperación e posta en funcionamento do antigo Hospital do Rebullón, no concello de Mos [28597](#)

I 3309 (10/PNC-000328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións [28598](#)

I 5794 (10/PNC-000563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, dun plan urxente de accesibilidade universal en edificios, establecementos ou instalacións de uso público e privado, de acordo co disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, así como a dotación do financiamento necesario para a súa execución [28598](#)

I 7138 (10/PNC-000735)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva, e Vázquez Verao, Paula

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego da titulación de atención a persoas en situación de dependencia e a súa inclusión no grupo IV, categoría 003, das listas da función pública [28598](#)

I 7432 (10/PNC-000767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a modificación pola Xunta de Galicia do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde [28598](#)

I 7650 (10/PNC-000796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre a garantía polo Goberno galego de manter en funcionamento o Centro de Saúde de Soutelo de Montes coa dotación de servizos e de persoal actual [28598](#)

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES**Retirada iniciativas en comisión****I 5439 (10/PNC-000519)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha liña de axudas para a ordenación do monte destinada ás comunidades de montes veciñais en man común e a aqueles propietarios particulares que necesiten un plan de ordenación [28599](#)

I 7347 (10/PNC-000756)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de *Eucalyptus nitens*, respecto das previsións do Plan forestal [28599](#)

Aprobación sen modificacións**I 5571 (10/PNC-000536)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José, e seis deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a capacidade dos gandeiros na negociación das condicións de venda do leite e a súa participación na comercialización e valor engadido da produción [28599](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos**1.3.7.1. Declaracións institucionais**

I Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2017, sobre o cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo sobre o Sáhara Occidental [28600](#)

O Pleno do Parlamento, na sesión do 25 de abril de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 7774 (10/MOC-000026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6747, publicada no BOPG nº 88, do 23.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.04.2017)

BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

- 7775 (10/MOC-000027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a inmatriculación no Rexistro da Propiedade de bens inmobles da Igrexa católica. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6362, publicada no BOPG nº 84, do 16.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.04.2017)

BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 2516 (10/PNP-000238)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas a apoiar os centros de FP e os CIFP como impulsores da innovación do sector empresarial galego

BOPG n.º 36, do 28.12.2016

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 17 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a apoiar os centros de FP como verdadeiros impulsores da innovación no sector empresarial galego e a aproveitar a implantación territorial dos CIFP como unha auténtica rede de innovación e relación co mundo produtivo.»

Aprobación con modificacións

- 6339 (10/PNP-000561)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e nove deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto BOPG nº 83, do 15.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 54 votos a favor, ningún voto en contra e 18 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar ao Goberno do Estado a necesidade de impulsar a modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol para que os cidadáns se poidan beneficiar de mellores prestacións e de servizos máis útiles, eficientes e competitivos.

2. Solicitar ao Ministerio de Fomento unha planificación estratéxica para avanzar neste obxectivo de modo firme e constante, establecendo fases sucesivas para o desenvolvemento das actuacións de tal xeito que a súa progresiva posta en servizo permita ir acurtando os tempos de percorrido.

3. Demandar do Goberno de España a utilización dos mecanismos orzamentarios e administrativos axeitados para garantir que no primeiro trimestre de 2018 estea concluído o estudo de mellora da liña ferroviaria Ferrol-A Coruña e se inicie a continuación a execución do dito estudo.»

- 7202 (10/PNP-000650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados BOPG nº 96, do 05.04.2017

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Puntos a), b) e d): Rexeitados por 32 votos a favor, 40 votos en contras e ningunha abstención.

Punto c): Aprobado pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que se demande do Goberno español que nas negociacións dos convenios de dobre imposición se introduza unha cláusula que permita o recoñecemento dos certificados de invalidez de calquera dos estados contratantes para os efectos das obrigas tributarias que podan ter as súas pensións no país de residencia do ou da pensionista.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 5673 (10/PNP-000480)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e dous deputados/as máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a aprobar un plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico.»

Rexeitamento da iniciativa

- 4560 (10/PNP-000388)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre a ampliación polo Goberno galego a nove meses da duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais BOPG nº 67, do 16.02.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 6310 (10/PNP-000548)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa, e tres deputados/as máis

Sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma BOPG nº 83, do 15.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

- 7081 (10/PNP-000634)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes

BOPG nº 96, do 05.04.2017

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

Puntos 2 e 3: rexeitados por 17 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.

- 7366 (10/PNP-000664)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente

BOPG nº 96, do 05.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 27 de abril de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da iniciativa

- 3216 (10/PNC-000315)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun estudo técnico-económico para a recuperación e posta en funcionamento do antigo Hospital do Rebullón, no concello de Mos

BOPG nº 48, do 19.01.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 3309 (10/PNC-000328)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións

BOPG nº 53, do 26.01.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 5794 (10/PNC-000563)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e dous deputados/as máis

Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, dun plan urxente de accesibilidade universal en edificios, establecementos ou instalacións de uso público e privado, de acordo co disposto na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, así como a dotación do financiamento necesario para a súa execución

BOPG nº 79, do 08.03.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 7138 (10/PNC-000735)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva, e Vázquez Verao, Paula

Sobre o recoñecemento polo Goberno galego da titulación de atención a persoas en situación de dependencia e a súa inclusión no grupo IV, categoría 003, das listas da función pública

BOPG nº 96, do 05.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 7432 (10/PNC-000767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a modificación pola Xunta de Galicia do Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde

BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 7650 (10/PNC-000796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis

Sobre a garantía polo Goberno galego de manter en funcionamento o Centro de Saúde de Soutelo de Montes coa dotación de servizos e de persoal actual

BOPG nº 100, do 19.04.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 27 de abril de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativas en comisión

- 5439 (10/PNC-000519)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David, e Quintero Araújo, Paula

Sobre a convocatoria polo Goberno galego dunha liña de axudas para a ordenación do monte destinada ás comunidades de montes veciñais en man común e a aqueles propietarios particulares que necesiten un plan de ordenación

BOPG nº 75, do 01.03.2017

- 7347 (10/PNC-000756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís, e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as medidas que debe implantar en relación coa expansión das plantacións de eucalipto en Galicia, nomeadamente de *Eucalyptus nitens*, respecto das previsións do Plan forestal

BOPG nº 96, do 05.04.2017

Aprobación sen modificacións

- 5571 (10/PNC-000536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José, e seis deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar a capacidade dos gandeiros na negociación das condicións de venda do leite e a súa participación na comercialización e valor engadido da produción

BOPG nº 75, do 01.03.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a traballar conxuntamente cos gandeiros no fortalecemento das organización de produtores como instrumento para reforzar a capacidade dos

gandeiros na negociación das condicións de venda do leite e a participación na comercialización e valor engadido da produción.»

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Declaración institucional do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2017, sobre o cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo sobre o Sáhara Occidental

O Pleno do Parlamento, na súa sesión do 25 de abril de 2017, adoptou o seguinte acordo:
Declaración institucional sobre o cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo sobre o Sáhara Occidental.

«O pasado 21 de decembro de 2016, o Tribunal de Xustiza Europeo emitiu sentenza no sentido de que o Sáhara Occidental non forma parte do Reino de Marrocos, o que significa que ningún acordo comercial entre a Unión Europea e Marrocos é aplicable no Sáhara Occidental e que non se pode establecer ningunha actividade comercial, nin exportar os recursos naturais do Sáhara Occidental sen o consentimento do pobo saharauí.

Esta sentenza é de obrigado cumprimento por parte das autoridades europeas e estatais, e é tamén un deber, ademais de a respectar, dala a coñecer á cidadanía para a súa correcta aplicación.

Así mesmo, segundo a resolución 2285 do Consello de Seguridade da ONU de abril de 2016, o logro dunha solución política e a mellora da cooperación entre os Estado do Magreb contribuirán á estabilidade e á seguridade da rexión.

Como xa se lembrou en anteriores ocasións, o 26 de febreiro de 1976 España puxo fin á súa presenza no territorio do Sáhara Occidental, deixando inconcluso o proceso de descolonización que xa estaba en curso no marco da ONU e afirmando que o Estado español ten unha responsabilidade histórica, xurídica e moral co pobo saharauí.

Por todo o anterior, o Parlamento de Galicia:

1. Chama a que se respecte e se cumpra a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 12 de decembro de 2016, onde se establece que os acordos de asociación e liberalización entre Marrocos e a Unión Europea non son de aplicación ao territorio do Sáhara Occidental.

2. Expresa a súa preocupación sobre a explotación dos recursos naturais do Sáhara Occidental, incluíndo por parte de compañías europeas, en contradición co dereito internacional e europeo; insiste en lembrar a ilegalidade de calquera actividade comercial co Sáhara Occidental sen o consentimento do pobo saharauí.

3. Fai un chamamento a compañías europeas, españolas e galegas para que actúen de conformidade co dereito internacional e europeo, de xeito que cesen as actividades que poidan favorecer a perpetuación da ocupación marroquí do Sáhara Occidental e a explotación dos seus recursos naturais e urxe a todas as autoridades a implantar a lexislación vixente, con base na recente sentenza do TXUE.

4. Súmase á corrente de solidariedade coa que a sociedade galega leva anos exixindo unha solución política xusta, duradeira e mutuamente aceptable a través dun referendo de autodeterminación que poña fin ao conflito do Sáhara Occidental.»

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727